



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 19 DE FEBREIRO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día dezanove de febreiro do ano dous mil trece, tivo lugar en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida **polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Dase conta do Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a prestación, por parte da Deputación e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables , así como a xestión de puntos limpos, en ditos concellos.

A Xunta de Goberno Local acorda **NON** adherirse a dito convenio dando traslado deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.


Dase conta do escrito remitido vía fax polo I.E.S. A SANGRIÑA, solicitando permiso para a utilización da Praza de San Bieito para a lectura colectiva de Cantares Gallegos o día 26 de febreiro de 2013 entre as 17:00 e as 20:30 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Vistas as bases reguladoras do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL (PAM), sección actividades para o exercicio 2013, publicadas no BOP nº 19 de 28 de xaneiro de 2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Determinar as seguintes actividades e solicitar a correspondente subvención para a súa realización:

ACTIVIDADES SOCIAIS	Intervención integral cos/cas fillos/as en situación de risco social
ACTIVIDADES CULTURAIS	Feira do libro 2013
	Nadal 2013
	Exposición de arte: Xoan Piñeiro
	XXIII Festa da Lagosta
	IV Mostra das Tradicións Mariñeiras
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	Practica A Guarda
	Deporte de verán

2.- Declarar que o Concello da Guarda non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas .

3.- Aceptar as bases desta convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.

Lese o escrito RE 839 de data 14 de febreiro de 2013, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, actuando en representación da SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, e con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando autorización para a celebración das festas de San Roque en Salcidos os días 23, 24 e 25 de agosto de 2013.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 838 de data 14 de febreiro de 2013, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, actuando en representación da SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, e con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando autorización para o uso de campo de fútbol



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



municipal da Sangriña para a disputa do 4º torneo Festas de San Roque o día 24 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberán poñerse en contacto co concelleiro de deportes.

Lese o escrito RE 837 de data 14 de febreiro de 2013, presentado por DNA. M^a DEL CARMEN BARROS VIDEIRA, en representación de SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo na rúa 1^a Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando a colaboración do Concello para a celebración das festas de San Roque nos seguintes termos:

- Presenza da Policía Local para a procesión do día 25 de agosto.
- 30 vallas e contenedores para o lixo
- Peche da rúa que se sinala e limpeza do recinto das festas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Dase conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas concedidas a partir de 5 de febreiro
L. F. B. P.	30 h/mensuais

Dase conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas a partir de 11 de febreiro de 2013
C. P. G.	20 h/mensuais


Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XANEIRO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de xaneiro de 2013 cuido importe total ascende a cantidade de 924,30 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Lese o escrito RE 383 de data 25 de xaneiro de 2013 presentado por D. J.A.G.R., con enderezo na rúa Malteses, nº 13-2º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Malteses, nº 13-2º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 895 de data 19 de febreiro de 2013, presentado por D. DANIEL PORTELA MACUA, actuando en representación de C.S FUSCALHO, con enderezo na rúa Diego A. González, nº 16 da Guarda, solicitando autorización para o uso da Estación de Autobuses o día 1 de marzo de 21:00 a 01:00 horas, así como a instalación dun escenario.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Dase conta do informe-proposta do Asesor Xurídico do Concello relativo á denuncia urbanística plantexada por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de data 9 de setembro de 2012 interesando a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada e dando conta o titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para que, por medio da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, adopte as medidas de protección da legalidade urbanística respecto as obras e actividades realizadas co outorgamento da licenzia 155/2011 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 13 de decembro de 2011 a Comunidade de Propietarios do Complexo Residencial A Armona para reparar a cuberta do bloque alto zona norte (Casa), bloque baixo zona sur (lateral), bloque baixo zona norte (Casa), consistente no desenchombrado da cuberta e nova realización doutra formada por chapas de fibrocemento e tella curva do país, suxeita con ganchos de aceiro e totalmente rematado, sitos na urbanización Armona. Dito informe comprende aos escritos de data 26 de setembro e 10 de decembro de 2012 nos que solicita copia do expediente da licenzia 155/2011.



C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)



A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda:

- Rexeitar as peticións de copias de documentación formuladas polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escritos de datas 26 de Setembro e 10 de Decembro de 2012, así como a denuncia urbanística formulada mediante escrito que presentou no rexistro de Entrada do Concello con data 13 de Outubro de 2012 e que ten data 9 de Setembro de 2012, por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública, en base ós razonamentos que se deixan expostos, notificándolle este acordo coa expresión dos recursos procedentes.
- Non proceder a incoar expediente de ningunha clase de oficio derivado da denuncia formuladas polo Sr. Abeleira respecto as obras supostamente infractoras de cambio de cuberta en base á inexistencia da infracción denunciada dado que tales obras contan con licencias de obras municipais tal como resulta dos informes de inspección de 03 de Xaneiro de 2013 .
- Convalida-la licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local de A Guarda en sesión celebrada o 17 de Setembro de 2010 para reparar a cuberta nunha superficie de 873,6 metros cuadrados, consistente en substituír o material de cubrición existente por chapas de fibrocemento e tella curva do país totalmente rematada, da edificación sita na Urbanización Armona (Bloque Sur), dita licenza ten o nº 138/2010, á favor da Comunidade de Propietarios da Armona, ratificándose no seu contido. Notificar este acordo a Comunidade de Propietarios da Armona.

Neste momento abandona a sesión o sr. Crespo González.

PUNTO 2.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. ISIDRO CONDE FERREIRA, R.E. Nº. 435 DE DATA 29 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA A PORTELA Nº. 1 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REHABILITAR MURO DE CONTENCIÓN EXISTENTE CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 20,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,50 MTS. NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE A PORTELA Nº. 1, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



A CONSTRUCCIONES ENRIQUE DOMÍNGUEZ, C.B., R.E. Nº. 389 DE DATA 25 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA 3º TRANSVERSAL NETOS Nº. 2 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA APERTURA DE OCO EN PAREDE INTERIOR PARA INSTALAR UN ARMARIO NA COCIÑA DA VIVENDA SITA NA RÚA DE 3º TRV. NETOS Nº. 1-B, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. DELFINA SANTIAGO RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 7.965 DE DATA 27 DE DECEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA A GÁNDARA Nº. 60 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR E ALIÑEAR MURO DE MAMPOSTERÍA EXISTENTE NUNHA LONXITUDE DE 50 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 0,50 MTS., NA FINCA SITUADA NO PARAXE "CAMPO NOVO" DO POLÍGONO Nº. 12-B (PARCELA Nº. 367) DO CATASTRO DE RÚSTICA ANTIGO, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ ANTONIO TRINIDAD CADILLA, R.E. Nº. 362 DE DATA 24 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A GUIA Nº. 11 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA SUBSTITUIR A CHIMENEA DA CALEFACIÓ NA EDIFICACIÓ SITA NA RÚA DE A GUIA Nº. 11, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D^a. ANA ÁLVAREZ PRIEGO, R.E. Nº. 7.925 DE DATA 21 DE DECEMBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JULIÁN LÓPEZ Nº. 11-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA PECHER DE PARCELA NUNHA SUPERFICIE DE 25,00 M². REALIZADO CON MURO DE MAMPOSTERÍA SITO NA RÚA DE TRANSVERSAL RIAS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

3.- INSTANCIAS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 313 de data 22 de xaneiro de 2013, presentado por D. ANGEL M^a PATIÑO DIEGUEZ, actuando en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RESIDENCIAL ARMONA, con enderezo a efectos de notificacións na Urbanización Armona Bloque Sur - 3C de A Guarda, solicitando autorización para o apuntaleamento e saneamento do teito no apartamento G1 - Bloque norte.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



A Xunta de Goberno Local acorda autorizar exclusivamente os traballos de apeo provisional da estrutura, non autorizándose ningún traballo de reparación desta.

4.- BAIXA ACTIVIDADE

Lese o escrito RE 570 de data 4 de febreiro de 2013, presentado por D. JOSÉ LUIS LORENZO RODRÍGUEZ, actuando en representación de RODRÍGUEZ MODA, C.B., con enderezo a efectos de notificacións na rúa Manuel Alvarez, nº 17-B da Guarda, solicitando a baixa da licenza municipal do establecemento sito na rúa Concepción Arenal, nº 67-baixo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

5.- CONVALIDACIÓN DE LICENCIA DE OBRAS

Dase conta do escrito do asesor xurídico do Concello comunicando a sentenza dictada o 26 de xaneiro de 2012 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4474/2011 entablado polo Concello da Guarda e a entidade Discoteca Enjoy A Guarda, S.L. contra a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 118/10 entablado por D. José Alberto González Vicente contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de febreiro de 2010 polo que se concedeu licenza de obras á entidade Discoteca Enjoy A Guarda, S.L. para acondicionamento de local para discoteca na rúa Manuel Alvarez.

Dase conta tamén dos informes técnicos e xurídicos respecto da posibilidade de proceder á convalidación da licenza de obras ó abeiro do artigo 67 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, sendo os mesmos favorables a citada convalidación.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos e xurídicos favorables, dase por enterada do contido da sentenza de 26 de xaneiro de 2012 aceptando a anulación da licenza de obras outorgada e acorda conceder nova licenza de obras convalidando a anulada no seu día polos tribunais e notificando o texto desta licenza de obras a todas as persoas que figuran no expediente como denunciante da mesma con indicación dos recursos pertinentes.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



6.- ANULACIÓN DE SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE

Lense os escritos RE 10 de 2 de xaneiro de 2013 e RE 262 de 17 de xaneiro de 2013, presentados por D^a. M^a LUZ GONZÁLEZ MARTINEZ, con domicilio a efectos de notificacións no Barrio de Cristelos-Barrantes, nº 71A de Tomiño, solicitando a anulación da solicitude de cambio de titularidade da licenza de actividade de Restaurante 1 Tenedor para o local ubicado na rúa Galicia, nº 81-baixo e a consecuente exoneración do pago das posibles taxas as puidera dar lugar a solicitude anterior.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de tesoureiría, acorda acceder a anulación da solicitude así como a exoneración da liquidación das taxas por expedición de licenza de apertura.

PUNTO 7.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por TRASTEVERE, C.B. A GUARDA (RE 177 de 14.01.2013), para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (Epig. 673.2) sito na rúa Joaquin Alonso, nº 7-baixo que antes figuraba a nome de D^a. Dolores Otero Alonso.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a TRASTEVERE, C.B. A GUARDA cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de D^a. Dolores Otero Alonso para o local dedicado a actividade de CAFÉ - BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Joaquín Alonso, nº 7-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por D^a. MARGARITA SALINAS DOMINGUEZ (RE 86 de 08.01.2013), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR PRODUCTOS DROGUERÍA - PERFUMERÍA (Epig. 652.2) sito na rúa Galicia, nº 46-baixo que antes figuraba a nome de D. Enrique Salgueiro Salgueiro.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D^a. MARGARITA SALINAS DOMÍNGUEZ cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de D. Enrique Salgueiro Salgueiro para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR PRODUCTOS DROGUERÍA - PERFUMERÍA (Epig. 652.2) sito na rúa de Galicia, nº 46-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por D. JOSÉ LUIS CIVIDANES RODRÍGUEZ (RE 343 de 23.01.2013), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR FRUTAS E VERDURAS (Epig. 641.1) sito na rúa Galicia, nº 20-baixo que antes figuraba a nome de D. Ramón Rodríguez Tabanera.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. JOSÉ LUIS CIVIDANES RODRÍGUEZ cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de D. Ramón Rodríguez Tabanera para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR FRUTAS E VERDURAS (Epig. 641.1) sito na rúa de Galicia, nº 20-baixo de A Guarda.

Sendo as trece horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.